



CONCELLO DE ARANGA

APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS 2023.

Por acordo do pleno municipal do 12/05/2023 aprobouse o padrón da taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao ano 2023, o que se expón ao público durante o prazo de quince días hábiles , contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para a súa notificación colectiva ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da lei 58/2003 do 17 de decembro Xeral Tributaria.

Durante o dito prazo o padrón estará a disposición dos interesados no concello, a efectos de poder formular as reclamacións oportunas.

De non presentarse reclamacións durante o dito prazo, consideraráse definitivamente aprobado o padrón fiscal.

A recaudación das débedas será realizada pola Deputación Provincial de A Coruña na forma e nas datas que pola mesma se sinalen.

Contra o acto de aprobación do padrón, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende a notificación da resolución. Transcurrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que recaiga resolución expresa , entenderáse desestimado e poderá interpor recurso contencioso -administrativo no prazo de seis meses. Todo isto sen prexuício de calquera outro recurso que estime conveniente.

Aranga, 12 de maio de 2023

Asdo. Alberto Platas Álvarez